



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011579	A Guía	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM02	Comercio internacional	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0627	Xestión administrativa do comercio internacional	2024/2025	0	187	0
MP0627_23	Proceso de administración relativo ao comercio internacional	2024/2025	0	80	0
MP0627_33	Xestión alfandegueira	2024/2025	0	80	0
MP0627_13	Contexto actual do comercio internacional	2024/2025	0	27	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	IRENE BARRASA GARCÍA,MARÍA DEL PILAR GARCÍA GUTIÉRREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0627_13) RA1 - Determina institucións e organismos relacionados co comercio internacional, e analiza as súas principais funcións.
(MP0627_23) RA1 - Caracteriza os procedementos administrativos das operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición, con interpretación da normativa.
(MP0627_33) RA1 - Elabora e cobre a documentación necesaria para as operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición de mercadorías.
(MP0627_13) RA2 - Organiza un sistema de información eficaz para as operacións de compravenda internacional, utilizando as ferramentas informáticas axeitadas.
(MP0627_13) RA3 - Recoñece as barreiras ao comercio internacional, analizando a normativa que as regula.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0627_23) CA1.1 Identificáronse as diferenzas entre unha importación e unha introdución, e entre unha exportación e unha expedición.
(MP0627_13) CA1.1 Analizouse a estrutura de balanza de pagamentos, diferenciando as balanzas que a compoñen.
(MP0627_33) CA1.1 Interpretáronse as cláusulas que se inclúen nos contratos de compravenda internacional e confeccionouse o contrato de compravenda.
(MP0627_23) CA1.2 Identificáronse os documentos que se requiren nas operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición, así como os procedementos para a súa tramitación e xestión, e os organismos e os elementos implicados.
(MP0627_13) CA1.2 Clasificáronse as funcións das institucións e dos organismos económicos principais de ámbito internacional.
(MP0627_23) CA1.3 Determinouse a orixe das mercadorías e a documentación que se require para a súa acreditación.
(MP0627_13) CA1.3 Analizouse o proceso de integración económica internacional, diferenciando os niveis de integración.



Criterios de avaliación do currículo
(MP0627_33) CA1.3 Supervisouse a documentación comercial e administrativa correspondente a unha operación de comercio internacional, e comprobáronse as condicións pactadas no contrato.
(MP0627_23) CA1.4 Determinouse o valor en alfándega de diversas mercadorías.
(MP0627_13) CA1.4 Analizouse o proceso de integración económica europea e a súa repercusión no comercio comunitario.
(MP0627_23) CA1.5 Efectuouse a clasificación arancelaria das mercadorías.
(MP0627_13) CA1.5 Identificáronse as institucións comunitarias, e as súas principais funcións e competencias.
(MP0627_33) CA1.5 Realizouse a xestión alfandegueira de operacións relativas a distintos réximes alfandegueiros.
(MP0627_23) CA1.6 Determináronse os impostos e outros tributos que gravan as operacións de comercio internacional que integran a débeda alfandegueira.
(MP0627_13) CA1.6 Analizouse o marco xurídico comunitario e identificáronse as normas con incidencia no intercambio comercial.
(MP0627_23) CA1.7 Determinouse a débeda alfandegueira de diferentes mercadorías e as súas garantías.
(MP0627_23) CA1.8 Recoñecéronse os procesos administrativos de xestión alfandegueira.
(MP0627_23) CA1.9 Analizouse o sistema de declaración estatística das operacións intracomunitarias (INTRASTAT).
(MP0627_13) CA2.6 Aplicouse a normativa legal e fiscal do país de destino da mercadoría que se vaia exportar.
(MP0627_13) CA3.1 Analizáronse as barreiras arancelarias á importación de mercadorías e outras medidas de efecto equivalente.
(MP0627_13) CA3.2 Analizáronse os principais instrumentos de protección comercial de natureza cuantitativa, que limitan ou restrinxen as importacións de mercadorías.
(MP0627_13) CA3.3 Analizouse a función do arancel de alfándegas como instrumento de protección e a súa repercusión sobre o comercio internacional.
(MP0627_13) CA3.4 Identificáronse as medidas de defensa da competencia internacional aplicables no marco da OMC.
(MP0627_13) CA3.5 Caracterizáronse as cláusulas de salvagarda e as medidas de vixilancia, analizando os casos en que procede a súa aplicación na Unión Europea.
(MP0627_13) CA3.6 Caracterizáronse as principais barreiras técnicas e administrativas ao comercio.



Criterios de avaliación do currículo

(MP0627_13) CA3.7 Determináronse as medidas de apoio e fomento ás exportacións.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo

(MP0627_33) RA1 - Elabora e cobre a documentación necesaria para as operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición de mercadorías.

(MP0627_23) RA1 - Caracteriza os procedementos administrativos das operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición, con interpretación da normativa.

(MP0627_13) RA2 - Organiza un sistema de información eficaz para as operacións de compravenda internacional, utilizando as ferramentas informáticas axeitadas.

(MP0627_13) RA3 - Recoñece as barreiras ao comercio internacional, analizando a normativa que as regula.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo

(MP0627_33) CA1.1 Interpretáronse as cláusulas que se inclúen nos contratos de compravenda internacional e confeccionouse o contrato de compravenda.

(MP0627_23) CA1.2 Identificáronse os documentos que se requiren nas operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición, así como os procedementos para a súa tramitación e xestión, e os organismos e os elementos implicados.

(MP0627_33) CA1.2 Confeccionáronse os documentos comerciais, de transporte e de seguro que se requiren nas operacións de compravenda internacional.

(MP0627_23) CA1.3 Determinouse a orixe das mercadorías e a documentación que se require para a súa acreditación.

(MP0627_33) CA1.3 Supervisouse a documentación comercial e administrativa correspondente a unha operación de comercio internacional, e comprobáronse as condicións pactadas no contrato.



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP0627_23) CA1.4 Determinouse o valor en alfándega de diversas mercadorías.
(MP0627_33) CA1.4 Cubríronse os documentos de xestión alfandegueira de diversas operacións de compravenda internacional.
(MP0627_23) CA1.5 Efectuouse a clasificación arancelaria das mercadorías.
(MP0627_33) CA1.5 Realizouse a xestión alfandegueira de operacións relativas a distintos réximes alfandegueiros.
(MP0627_23) CA1.6 Determináronse os impostos e outros tributos que gravan as operacións de comercio internacional que integran a débeda alfandegueira.
(MP0627_33) CA1.6 Utilizouse un paquete informático de xestión administrativa para a obtención da documentación necesaria para as operacións de compravenda internacional.
(MP0627_23) CA1.7 Determinouse a débeda alfandegueira de diferentes mercadorías e as súas garantías.
(MP0627_23) CA1.9 Analizouse o sistema de declaración estatística das operacións intracomunitarias (INTRASTAT).
(MP0627_13) CA2.1 Elaboráronse bases de datos para as operacións de comercio internacional.
(MP0627_13) CA2.2 Confeccionáronse ficheiros mestres de clientes e provedores.
(MP0627_13) CA2.3 Elaborouse a información que habitualmente solicita o cliente ou o provedor nas operacións de compravenda internacional.
(MP0627_13) CA2.4 Realizouse o mantemento e a actualización das bases de datos de clientes e provedores.
(MP0627_13) CA2.5 Elaboráronse informes sobre clientes e/ou provedores a partir das bases de datos dispoñibles.
(MP0627_13) CA2.6 Aplicouse a normativa legal e fiscal do país de destino da mercadoría que se vaia exportar.
(MP0627_13) CA2.7 Procesouse e archívase adecuadamente a información xerada nas operacións de compravenda internacional realizadas para a súa posterior utilización en futuras operacións.
(MP0627_13) CA3.1 Analizáronse as barreiras arancelarias á importación de mercadorías e outras medidas de efecto equivalente.
(MP0627_13) CA3.2 Analizáronse os principais instrumentos de protección comercial de natureza cuantitativa, que limitan ou restrinxen as importacións de mercadorías.
(MP0627_13) CA3.4 Identificáronse as medidas de defensa da competencia internacional aplicables no marco da OMC.



Criterios de avaliación do currículo

(MP0627_13) CA3.5 Caracterizáronse as cláusulas de salvagarda e as medidas de vixilancia, analizando os casos en que procede a súa aplicación na Unión Europea.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os elementos curriculares (resultados de aprendizaxes, criterios de avaliación e bloques de contidos asociados) deste módulo son mínimos esixibles e poden ser preguntados en calquera das partes da proba. Para obter unha avaliación é preciso superar cada unha das partes con 5 puntos sobre 10 como mínimo. A cualificación final, sempre que estean aprobadas as dúas partes da proba, realizarase mediante unha media aritmética das dúas cualificacións, teórica e práctica.

O enunciado da proba conterá unha cabeceira coa información do tipo de proba (por exemplo: parte teórica proba libre) a data de realización e aquelas cuestións que se consideren precisas para un bo desenvolvemento das mesmas (normas de actuación, material a utilizar, tempo máximo de duración, etc...).

Todas as partes da proba especificarán en cada cuestión a desenvolver a puntuación máxima que se obterá.

Primeira parte da proba. Parte teórica:

Conterá un número significativo de cuestións dos RAs correspondentes aos contidos teóricos do módulo que acredite o coñecemento dos mesmos divididos en cuestións a desenvolver e/ou cuestións tipo test.

Segunda parte da proba. Parte práctica:

Conterá un número significativo de cuestións dos RAs correspondentes aos contidos prácticos do módulo que acredite o coñecemento dos mesmos divididos en exercicios prácticos de varios tipos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

PARTE TEÓRICA: Conterá preguntas tipo test e/ou preguntas a desenvolver. A parte test constará de preguntas sobre os contidos teóricos do módulo onde cada pregunta mal contestada descontará a metade do que poida sumar unha pregunta ben respondida. As preguntas non contestadas non penalizan. Tamén haberá preguntas teóricas a desenvolver. A cualificación desta proba será a suma da cualificación de todas as preguntas.

Esta primeira parte da proba será puntuada de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.



4.b) Segunda parte da proba

PROBA PRÁCTICA: Consistirá nas seguintes cuestións:

1. Caso práctica de importación ou exportación e liquidación aranceis. 5 puntos.
2. Caso práctico de IVE. 3 puntos.
3. Caso práctico de impostos especiais e/ou Intrastat. 2 puntos.

Esta segunda parte da proba será puntuada de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

O alumnado candidato deberá vir provisto de bolígrafo de cor azul e calculadora persoal sinxela para a realización da proba.

Non se permitirá o uso de teléfono móbil ou doutro dispositivo electrónico que substitúa á calculadora convencional.